



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica A Coruña

Teléfono 981183969 – FAX 981183679

Email [coruna@cigtelefonica.com](mailto:coruna@cigtelefonica.com)

[www.cigtelefonica.com](http://www.cigtelefonica.com)

## Sinaturas contra os despedimentos e as sancións

O pasado martes, día 26 de abril, a CIG xunto con varios representantes de sindicatos que formamos a Coordinadora de Burgos entregamos en Madrid, ó Xefe de Relacións Sindicais de Telefónica, Juan Carmona, unhas 10.000 sinaturas de traballadores e traballadoras desta empresa en apoio ós despedidos e sancionados. O texto do escrito que se acompañaba era o mesmo que se utilizou na recollida de sinaturas: moi claro como se pode ver.

Os abaixo asinantes, traballadores e traballadoras de Telefónica, rexeitamos os despedimentos e sancións impostos pola empresa a 9 delegados sindicais de Madrid e pedimos:

- A readmisión inmediata de Álvaro e Porfirio, así como a readmisión definitiva de Teresa.
- A anulación das sancións (45 días sen emprego e soldo) ao resto dos delegados.

Dende a CIG entendemos que calquera traballador ou traballadora podía asinar este escrito, traballando unha vez máis na busca da solidariedade de clase. A situación dos dous compañeiros despedidos, a máis de inxusta, é moi preocupante para eles e as súas familias, estando a día de hoxe á espera do xuízo logo de recorrida a sentenza.

A readmisión de Teresa está recorrida pola empresa. As sancións de 45 días tamén a espera de xuízo porque os afectados presentaron recurso. O de Juan Torres de Co.bas xa se celebrou e o xuíz anula a sanción e non lle da a posibilidade de recurso á empresa.

As sinaturas teñen unha intención clara: que a empresa escoite a voz dos traballadores e traballadoras e anule os despedimentos e sancións, sen ter que estar á espera dos recursos da xustiza.

Á empresa molestoulle a recollida de sinaturas. Seica interrompíamos o proceso productivo. Eso explica que nalgún centro deixáramos a folla e a recollerámos posteriormente. Foi o que RR.HH non se atreveu a prohibirnos. Nunca antes tiveran dito nada por vender lotaría, entregar regalos ou recoller diñeiro para multitude de causas..., nin por suposto para recoller sinaturas.

**O que realmente lle molesta á empresa é que se faga traballo sindical.**

**Loita coa CIG na defensa dos teus dereitos !!!**

A Coruña, 29 de maio de 2009